



Sra. Subdirectora Xeral de Proxectos  
Consellería de Economía, Industria e  
Innovación  
Xunta de Galicia

**ASUNTO:** Trámite de consultas do Proxecto Industrial Estratéxico (PIE): fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa, promovido por GREENFIBER, S.L. Concello afectado pola industria: Palas de Rei (Lugo). Concellos afectados polas infraestruturas: Santiso e Melide (A Coruña), Agolada (Pontevedra) e Palas de Rei (Lugo).

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN,

## EXPÓN:

1. Que, nomeando o todo (produción de 600.000 t/ano de celulosa) pola parte (un terzo dedicaríase á producir Lyocell), o proxecto preténdese facer pasar como “industria de fibra téxtil a base de celulosa” ou “fábrica de fibras téxtiles de GREENFIBER, S.L.” Un novo exemplo de maquillaxe verde do sector eucalipto-celulosa en Galicia, que ven a unirse ao de “bio-fábrica” (sic) para a celulosa de ENCE en Pontevedra.
2. Que as fábricas de celulosa de ENCE en Pontevedra e Navia - cunhas capacidades de produción de 515.000 e 685.000 t/ano, respectivamente - son responsables directas de que o 28% do terreo forestal de Galicia estea cuberto por eucaliptos (409.000 ha, segundo o Inventario Forestal de Galicia de 2023). Malia que o proxecto de GREENFIBER incrementaría nun 33% a produción de celulosa en Galicia e a súa contorna inmediata, no EIA non se avalían en absoluto os seus efectos sinérxicos e acumulativos coas celulosas de Pontevedra e Navia sobre a eucaliptización imparable dos montes galegos e os seus enormes impactos nos ecosistemas terrestres e acuáticos (solo, auga, flora, fauna, paisaxe e risco de incendios; véxase apartado “bibliografía” ao final ou, como resume, a recompilación bibliográfica citada a pe de páxina<sup>1</sup>).
3. Que, coa metade do seu perímetro lindeiro coa ZEC ES1110014 Serra do Careón, augas arriba da ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza e da Ría de Arousa (ZEC, ZEPA e Humidal Ramsar Complexo intermareal Umia - O Grove, A Lanzada, punta Carreirón e lagoa Bodeira) e nunha zona que se contemplou para a ampliación da Rede Natura 2000, o emprazamento elixido é un dos peores que se poderían atopar en Galicia para unha actividade industrial destas características.
4. Que o proxecto contempla unha captación de 46.000 m<sup>3</sup>/día de auga do Ulla no encoro de Portodemouros (a bombear cunha tubaxe de 12,5 km de lonxitude ata unha cota 200 m máis elevada), un consumo neto de 16.000 m<sup>3</sup>/día e a vertedura de 30.000 m<sup>3</sup>/día. Ao respecto compre salientar que:
  - a. O enorme consumo neto de auga superaríase ao de toda a poboación da cidade de Lugo.

<sup>1</sup> [https://www.ibader.gal/download.php?f=recursos\\_rurais\\_15\\_04\\_SG-702.pdf](https://www.ibader.gal/download.php?f=recursos_rurais_15_04_SG-702.pdf)



- b. O intenso tratamento da auga de captación coas mellores técnicas dispoñibles para empregala nos distintos procesos industriais:
- Pretratamento (con hipoclorito sódico) + coagulación-floculación (con sulfato de aluminio) + clarificación + filtración + tratamento de lodos para obter a “auga de proceso”.
  - Seguida de filtración + ultrafiltración (capaz de reter incluso as bacterias) + osmose inversa para obter a auga osmotizada.
  - Seguida dunha segunda osmose inversa + desmineralización para obter a auga desmineralizada.

Contrasta cunha rutineira depuración das augas residuais (tamizado + clarificación + neutralización + axuste de temperatura + tratamento biolóxico).

Nas presentacións do proxecto, os responsables aseguran que *“El agua utilizada en las distintas etapas es tratada ... en las instalaciones de depuración previstas por lo que es devuelta al río en excelentes condiciones, incluso con niveles de calidad potencialmente superiores, de manera que no se producirán alteraciones en el estado actual del mismo”*<sup>2</sup> e que *“Aquí el agua no se consume: se usa y se devuelve en mejores condiciones, aguas arriba. Que volvamos a captar la misma agua que devolvemos es la máxima garantía de que está completamente limpia”*<sup>3</sup>.

En SGHN non dubidamos da intelixencia dos promotores do proxecto, pero eles non semellan ter nin moito menos a mesma opinión da cidadanía galega. Si a calidade das súas augas residuais fose incluso mellor que a do río Ulla:

- Porque haberían de bombear innecesariamente de máis cada día 30.000 m<sup>3</sup> de auga (equivalente ao consumo conxunto das cidades de Lugo e Ourense) a 12 km de distancia e unha altitude 200 m superior cun enorme consumo de enerxía?
- Porque haberían de tirala en lugar de funcionar nun circuíto máis pechado e gabarse así de promover unha “economía circular”?
- Porque haberían de construír unha tubaxe de 9 km de lonxitude para a vertedura?

Para calquera que o queira ver, a explicación está na propia solicitude de captación presentada diante de Augas de Galicia: tendo en conta a aportación media do río Ulla nesa zona os 30.000 m<sup>3</sup>/día de augas residuais diluiríanse unhas 80 veces entre o punto de vertedura e o punto de captación. É dicir, a auga que captarían estaría 80 veces máis limpa que a da vertedura. Ou, o que é o mesmo, a vertedura das augas residuais da fábrica implicaría unha degradación das augas do Ulla cos conseguíntes impactos ambientais río abaixo.

5. Que, malia que os trazados da tubaxe de captación e verteduras dende a finca de Quintas ata Barazón discorren por pistas de concentración parcelaria existentes, nos noiros destas pistas, mesmo a carón delas, medran exemplares de especies de flora en perigo de extinción (*Armeria merinoi*, *Santolina melidensis*, *Leucanthemum gallaenicum* e *Centaurea janeri*). Tendo en conta a largura das pistas (6 m dende o centro da cuneta) e a das zaxas para as tubaxes (4 m) será virtualmente imposible que nos traballos de replantexamento, escavación con retroescavadora, apilado, e tapado non se afecten aos exemplares destas plantas que se atopan máis preto dos viais.
6. Que tanto para o trazado das tubaxes de captación e vertedura de augas como para o propio emprazamento da planta industrial no proxecto contéplase a translocación de tepes das zonas con presenza de hábitats prioritarios (4020 e 6220) e especies en perigo de extinción (*Santolina melidensis*, *Armeria merinoi* e *Leucanthemum gallaenicum*). Este plantexamento contravén o Convenio

<sup>2</sup> <https://www.galiciapress.es/articulo/economia/2024-03-20/4765603-vecinos-protestan-palas-grito-altri-no-primera-charlas-empresa-municipios>

<sup>3</sup> [https://www.eldiario.es/galicia/altri-no-convencer-vecinos-ventajas-macrocelulosa-admite-proyecto-aire\\_1\\_11230117.html](https://www.eldiario.es/galicia/altri-no-convencer-vecinos-ventajas-macrocelulosa-admite-proyecto-aire_1_11230117.html)



de Diversidade Biolóxica, subscrito polo Reino de España, que establece que “a esixencia fundamental para a conservación da diversidade biolóxica é a conservación *in situ* dos ecosistemas e hábitats naturais e o mantemento e a recuperación de poboacións viables de especies nas súas contornas naturais”. Na mesma liña, as “Directrices técnicas para o desenvolvemento de programas de reintrodución e outras translocacións con fins de conservación de especies silvestres en España” aprobadas pola Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade (24-07-2013) e pola Conferencia Sectorial (07-10-2013) non contemplan a translocación de individuos de especies protexidas, desprazándoas do seu hábitat natural, a fin de facilitar usos incompatibles coa súa conservación como é o caso do proxecto de GREENFIBER.

7. Que para a xustificación da zona de vertido no EIA indícase que se realiza nun hábitat pouco axeitado para *Margaritifera margaritifera*, malia ser unha zona potencial de colonización pola especie e as obras o impedirían, xa que ademais influirían na migración da ictiofauna reófila da que depende a especie na súa fase larvaria. A vertedura impactaría así mesmo sobre a toupa de auga (*Galemys pyrenaicus*), rexistrada nas mostraxes realizadas no 2013 no cadro do Proxecto Life+ Margal-Ulla en diversos puntos preto da zona onde se desenvolve o proxecto de captación e vertedura, incluíndo o río Fontevella que desemboca fronte ao punto de vertedura e o tramo do río Ulla entre a desembocadura do río Furelos e encoro de Portodemouros, cualificado como hábitat bo ou moi bo para a toupa de río no Proxecto Life+ Margal-Ulla no cal:

- Identificouse a contaminación orgánica como unha das presións máis importantes sobre *Margaritifera* e *Galemys* na bacía do Ulla e na ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza, que se vería agravada pola vertedura de efluentes industriais solicitada por GREENFIBER.
- Augas de Galicia comprometeuse a incluír no Programa de medidas do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa as Directrices de Xestión da Bacía do Ulla contempladas na Acción C6 do proxecto e que son incompatibles coa vertedura de efluentes industriais solicitada por GREENFIBER.
- A Xunta de Galicia comprometeuse a ampliar a Rede Natura 2000 incluíndo a zona que estaría máis afectada pola vertedura solicitada de efluentes industriais de GREENFIBER.

Ademais, proxéctase que as bombas de aspiración do sistema de captación de auga estean protexidas por gaiolas con luz de paso de 2 cm, cando en Canadá, EEUU e Escocia empréganse reixas de 5-25 mm segundo a talla dos peixes a excluír<sup>4</sup>. Compre salientar que a protección dos salmónidos migratorios en todas as súas fases de crecemento é imprescindible para que *Margaritifera margaritifera* poida superar a súa fase larvaria adherida ás branquias dos peixes.

8. Que, como cabería agardar polo reducido traballo de campo realizado (12 xornadas de xuño-setembro para a fábrica), o inventario de especies de fauna é moi incompleto.:
  - a. No EIA se recolle a presenza de 68 especies de aves cando, de acordo cos datos rexistrados en e-Bird, no ámbito do proxecto hai rexistradas 144 especies de aves, das cales catro están incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (*Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Milvus milvus*, *Himantopus himantopus*) e 6 no Catálogo Español de Especies Ameazadas (*Ardeola ralloides*, *Ciconia nigra*, *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Milvus milvus*, *Chlidonias niger*).
  - b. No que respecta aos invertebrados, no EIA do proxecto ignórase a presenza de:
    - *Lucanus cervus* (Anexo II da Directiva Hábitats, Anexo II do Convenio de Berna, de interese especial no Catálogo español de especies ameazadas).

<sup>4</sup> [https://www.miteco.gob.es/content/dam/mitesco/es/biodiversidad/temas/conservacion-de-especies-amenazadas/cap05\\_3\\_tcm30-195248.pdf](https://www.miteco.gob.es/content/dam/mitesco/es/biodiversidad/temas/conservacion-de-especies-amenazadas/cap05_3_tcm30-195248.pdf)



- *Macromia splendens* (En perigo de extinción no Catálogo Español de Especies Ameazadas; en perigo crítico en España segundo a UICN).
- *Euphydryas aurinia* (protexida polo Convenio de Berna e Directiva Hábitats, incluída no listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e como Vulnerable-SPEC 3 no Libro vermello de bolboretas europeas).

Por todo o cal,

## SOLICITA:

Que se desbote total e definitivamente o Proxecto Industrial Estratéxico (PIE): fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa, promovido por GREENFIBER, S.L

En Santiago de Compostela, a 26 de marzo de 2024

O Presidente da SGHN,  
Serafín González Prieto

## BIBLIOGRAFÍA

- Abelho, M. & Graça, M.A.S. (1996). Effects of eucalyptus afforestation on leaf litter dynamics and macroinvertebrate community structure of streams in central Portugal. *Hydrobiologia* 324, 195-204.
- Águas, A., Ferreira, A., Maia, P., Fernandes, P.M., Roxo, L., Keizer, J., Silva, J.S., Rego, F.C. & Moreira, F. (2014). Natural establishment of *Eucalyptus globulus* Labill. in burnt stands in Portugal. *Forest Ecology and Management* 323, 47-56.
- Águas, A., Larcombe, M.J., Matias, H., Deus, E., Potts, B.M., Rego, F.C. & Silva, J.S. (2017). Understanding the naturalization of *Eucalyptus globulus* in Portugal: a comparison with Australian plantations. *European Journal of Forest Research* 136, 433-446.
- Arán, D., García-Duro, J., Reyes, O. & Casal, M. (2013). Fire and invasive species: Modifications in the germination potential of *Acacia melanoxylon*, *Conyza canadensis* and *Eucalyptus globulus*. *Forest Ecology and Management* 302, 7-13.
- Arellano, S., Vega, J.A., Ruíz, A.D., Arellano, A., Álvarez, J.G., Vega, D.J. & Pérez, E. (2016). Foto-guía de combustibles forestales de Galicia y comportamiento del fuego asociado. Andavira Editora, S.L. Santiago de Compostela.
- Arntzen, J.W. (2015). Drastic population size change in two populations of the golden-striped salamander over a forty-year period-Are Eucalypt plantations to blame? *Diversity* 7, 270-294.
- Bañuelos, R., Larranaga, S., Elozegi, A. & Pozo, J. (2004). Effects of eucalyptus plantations on CPOM dynamics in headwater streams: a manipulative approach. *Archiv Für Hydrobiologie* 159, 211-228.
- Bärlocher, F., Canhoto, C. & Graça, M.A.S. (1995). Fungal colonization of alder and eucalypt leaves in 2 streams in central Portugal. *Archiv Für Hydrobiologie* 133, 457-470.
- Barrocas, H.M., da Gama, M.M., Sousa, J.P. & Ferreira, C.S. (1998). Impact of reafforestation with



*Eucalyptus globulus* Labill. on the edaphic collembolan fauna of Serra de Monchique (Algarve, Portugal). *Miscellanea Zoologica* (Barcelona) 21, 9-23.

- Basaguren, A. & Pozo, J. (1994). Leaf-litter processing of alder and eucalyptus in the Aguera stream system (northern Spain). 2. Macroinvertebrates associated. *Archiv Für Hydrobiologie* 132, 57-68.
- Becerra, P.I., Catford, J.A., Inderjit, Luce McLeod, M., Andonian, K., Aschehoug, E.T., Montesinos, D. & Callaway, R.M. (2018). Inhibitory effects of *Eucalyptus globulus* on understory plant growth and species richness are greater in non-native regions. *Global Ecology and Biogeography* 27, 68-76.
- Burraco, P., Iglesias-Carrasco, M., Cabido, C. & Gomez-Mestre, I. (2018). Eucalypt leaf litter impairs growth and development of amphibian larvae, inhibits their antipredator responses and alters their physiology. *Conservation Physiology* 6(1): coy066; doi:10.1093/conphys/coy066.
- Calviño-Cancela, M. (2013). Effectiveness of eucalypt plantations as a surrogate habitat for birds. *Forest Ecology and Management* 310, 692-699.
- Calviño-Cancela, M., Lorenzo, P. & González, L. (2018). Fire increases *Eucalyptus globulus* seedling recruitment in forested habitats: Effects of litter, shade and burnt soil on seedling emergence and survival. *Forest Ecology and Management* 409, 826-834.
- Calviño-Cancela, M. & Neumann, M. (2015). Ecological integration of eucalypts in Europe: Interactions with flower-visiting birds. *Forest Ecology and Management* 358, 174-179.
- Calviño-Cancela, M. & Rubido-Bará, M. (2013). Invasive potential of *Eucalyptus globulus*: Seed dispersal, seedling recruitment and survival in habitats surrounding plantations. *Forest Ecology and Management* 305, 129-137.
- Calviño-Cancela, M., Rubido-Bará, M. & van Etten, E.J.B. (2012). Do eucalypt plantations provide habitat for native forest biodiversity? *Forest Ecology and Management* 270, 153-162.
- Calvo de Anta, R. (1992). El eucalipto en Galicia: sus relaciones con el medio natural. Universidade de Santiago de Compostela.
- Canhoto, C., Barlocher, F. & Graça, M.A.S. (2002). The effects of *Eucalyptus globulus* oils on fungal enzymatic activity. *Archiv Für Hydrobiologie* 154, 121-132.
- Canhoto, C. & Graça, M.A.S. (1996). Decomposition of *Eucalyptus globulus* leaves and three native leaf species (*Alnus glutinosa*, *Castanea sativa* and *Quercus faginea*) in a Portuguese low order stream. *Hydrobiologia* 333, 79-85.
- Canhoto, C. & Graça, M.A.S. (1999). Leaf barriers to fungal colonization and shredders (*Tipula lateralis*) consumption of decomposing *Eucalyptus globulus*. *Microbial Ecology* 37, 163-172.
- Canhoto, C. & Laranjeira, C. (2007). Leachates of *Eucalyptus globulus* in intermittent streams affect water parameters and invertebrates. *International Review of Hydrobiology* 92, 173-182.
- Carrilho, M., Teixeira, D., Santos-Reis, M. & Rosalino, L.M. (2017). Small mammal abundance in Mediterranean *Eucalyptus* plantations: how shrub cover can really make a difference. *Forest Ecology and Management* 391, 256-263.
- Castro-Díez, P., Fierro-Brunnenmeister, N., González-Muñoz, N. & Gallardo, A. (2012). Effects of exotic and native tree leaf litter on soil properties of two contrasting sites in the Iberian Peninsula. *Plant and Soil* 350, 179-191.
- Catry, F.X., Moreira, F., Deus, E., Silva, J.S. & Aguas, A. (2015). Assessing the extent and the environmental drivers of *Eucalyptus globulus* wildling establishment in Portugal: results from a countrywide survey. *Biological Invasions* 17, 3163-3181.
- Chauvet, E., Fabre, E., Elosegui, A. & Pozo, J. (1997). The impact of eucalypt on the leaf-associated



aquatic hyphomycetes in Spanish streams. *Canadian Journal of Botany-Revue Canadienne De Botanique* 75, 880-887.

- Coelho, C.O.A., Laouina, A., Regaya, K., Ferreira, A.J.D., Carvalho, T.M.M., Chaker, M., Naafa, R., Naciri, R., Boulet, A.K. & Keizer, J.J. (2005). The impact of soil water repellency on soil hydrological and erosional processes under *Eucalyptus* and evergreen *Quercus* forests in the Western Mediterranean. *Australian Journal of Soil Research* 43, 309-318.
- Cordero-Rivera, A., Martinez Alvarez, A. & Alvarez, M. (2017). Eucalypt plantations reduce the diversity of macroinvertebrates in small forested streams. *Animal Biodiversity and Conservation* 40, 87-97.
- Correa-Araneda, F., Boyero, L., Figueroa, R., Sanchez, C., Abdala, R., Ruiz-Garcia, A. & Graça, M.A.S. (2015). Joint effects of climate warming and exotic litter (*Eucalyptus globulus* Labill.) on stream detritivore fitness and litter breakdown. *Aquatic Sciences* 77, 197-205.
- Cruz, J., Sarmiento, P., Rydevik, G., Rebelo, H. & White, P.C.L. (2016). Bats like vintage: managing exotic eucalypt plantations for bat conservation in a Mediterranean landscape. *Animal Conservation* 19, 53-64.
- da Gama, M.M., Sousa, J.P., Vasconcelos, T.M., Ferreira, C.S. & Barrocas, H. (2003). Changes in biodiversity patterns of soil Collembola caused by eucalyptus plantations in Portugal: a synthesis. *Acta Entomologica Iberica e Macaronesica* 1, 11-22.
- Dambrine, E., Vega, J.A., Taboada, T., Rodríguez, L., Fernandez, C., Macías, F. & Gras, J.M. (2000). Budgets of mineral elements in small forested catchments in Galicia (NW Spain). *Annals of Forest Science* 57, 23-38.
- Díez, J. (2005). Invasion biology of Australian ectomycorrhizal fungi introduced with eucalypt plantations into the Iberian Peninsula. *Biological Invasions* 7, 3-15.
- dos Santos, P., Matias, H., Deus, E., Aguas, A. & Silva, J.S. (2015). Fire effects on capsules and encapsulated seeds from *Eucalyptus globulus* in Portugal. *Plant Ecology* 216, 1611-1621.
- Fernandes, P., Antunes, C., Pinho, P., Maguas, C. & Correia, O. (2016). Natural regeneration of *Pinus pinaster* and *Eucalyptus globulus* from plantation into adjacent natural habitats. *Forest Ecology and Management* 378, 91-102.
- Fernández, C., Vega, J.A., Gras, J.M. & Fontúrbel, T. (2006). Changes in water yield after a sequence of perturbations and forest management practices in an *Eucalyptus globulus* Labill. watershed in Northern Spain. *Forest Ecology and Management* 234, 275-281.
- Ferreira, V., Elosegí, A., Gulis, V., Pozo, J. & Graça, M.A.S. (2006). *Eucalyptus* plantations affect fungal communities associated with leaf-litter decomposition in Iberian streams. *Archiv Fur Hydrobiologie* 166, 467-490.
- Ferreira, V., Koricheva, J., Pozo, J. & Graça, M.A.S. (2016). A meta-analysis on the effects of changes in the composition of native forests on litter decomposition in streams. *Forest Ecology and Management* 364, 27-38.
- Ferreira, V., Larrañaga, A., Gulis, V., Basaguren, A., Elosegí, A., Graça, M.A.S. & Pozo, J. (2015). The effects of eucalypt plantations on plant litter decomposition and macroinvertebrate communities in Iberian streams. *Forest Ecology and Management* 335, 129-138.
- García, L. & Pardo I. (2012). On the way to overcome some ecological riddles of forested headwaters. *Hydrobiologia* 696, 123-136.
- García, L. & Pardo, I. (2015). Food type and temperature constraints on the fitness of a dominant freshwater shredder. *Annales de Limnologie - International Journal of Limnology* 51, 227-235.



- García, L. Pardo, I. & Richardson, J.S. (2014). A cross-continental comparison of stream invertebrate community assembly to assess convergence in forested headwater streams. *Aquatic Sciences* 76, 29-40.
- García-Salgado, G., Rebollo, S., Pérez-Camacho, L., Martínez-Hesterkamp, S., De la Montana, E., Domingo-Munoz, R., Madrigal-Gonzalez, J. & Fernández-Pereira, J.M. (2018). Breeding habitat preferences and reproductive success of Northern Goshawk (*Accipiter gentilis*) in exotic *Eucalyptus* plantations in southwestern Europe. *Forest Ecology and Management* 409, 817-825.
- Gómez-García, E., Dieguez-Aranda, U., Cunha, M. & Rodríguez-Soalleiro, R. (2016). Comparison of harvest-related removal of aboveground biomass, carbon and nutrients in pedunculate oak stands and in fast-growing tree stands in NW Spain. *Forest Ecology and Management* 365, 119-127.
- Graça, M.A.S., Pozo, J., Canhoto, C. & Elosegi, A. (2002). Effects of *Eucalyptus* plantations on detritus, decomposers, and detritivores in streams. *TheScientificWorldJOURNAL* 2, 1173-1185.
- Iglesias-Carrasco, M., Head, M.L., Jennions, M.D., Martín, J. & Cabido, C. (2017). Leaf extracts from an exotic tree affect responses to chemical cues in the palmate newt, *Lissotriton helveticus*. *Animal Behaviour* 127, 243-251.
- Kardell, L., Steen, E. & Fabiao, A. (1986). *Eucalyptus* in Portugal - A threat or a promise. *Ambio* 15, 6-13.
- Larrañaga, A., Basaguren, A., Elósegi, A. & Pozo, J. (2009). Impacts of *Eucalyptus globulus* plantations on Atlantic streams: changes in invertebrate density and shredder traits. *Fundamental and Applied Limnology* 175, 151-160.
- Larrañaga, A., Basaguren, A., & Pozo, J. (2009). Impacts of *Eucalyptus globulus* plantations on physiology and population densities of invertebrates inhabiting Iberian Atlantic streams. *International Review of Hydrobiology* 94, 497-511.
- Larrañaga, A., Larrañaga, S., Basaguren, A., Elósegi, A. & Pozo, J. (2006). Assessing impact of eucalyptus plantations on benthic macroinvertebrate communities by a litter exclusion experiment. *Annales De Limnologie-International Journal of Limnology* 42, 1-8.
- Larrañaga, S., Larrañaga, A., Basaguren, A., Elósegi, A. & Pozo, J. (2014). Effects of exotic eucalypt plantations on organic matter processing in Iberian streams. *International Review of Hydrobiology* 99, 363-372.
- Lombao, A., Barreiro, A., Carballas, T., Fontúrbel, M.T., Martín, A., Vega, J.A., Fernández, C. & Díaz-Raviña, M. (2015). Changes in soil properties after a wildfire in Fragas do Eume Natural Park (Galicia, NW Spain). *Catena* 135: 409-418.
- López, E.S., Felpeto, N. & Pardo, I. (1997). Methodological comparisons in processing of alder and *Eucalyptus* leaves in a forested headwater stream. *Limnetica* 13, 13-18.
- López, E.S., Pardo I. & Felpeto, N. (2001). Seasonal differences in green leaf breakdown and nutrient content of deciduous and evergreen tree species and grass in a granitic headwater stream. *Hydrobiologia* 464, 51- 61.
- Lucianez, M.J. & Gómez Silgado, N. (2007). Ecological study of Collembola communities from soils reforested with *Eucalyptus* and pine species (NW Iberian Peninsula). *Boletín de la SEA* 40, 325-332.
- Madeira, M.A.V. (1989). Changes in soil properties under *Eucalyptus* plantations in Portugal. En: J.S. Pereira, J.J. Landsberg (Eds.), *Biomass Production by Fast-Growing Trees*, pp. 81-99.
- Malkmus, R. (2004). Effects of eucalypt plantations on amphibian communities in Portugal. *Zeitschrift für Feldherpetologie* 11, 213-224.



- Martins, C., Natal-da-Luz, T., Sousa, J.P., Goncalves, M.J., Salgueiro, L. & Canhoto, C. (2013). Effects of essential oils from *Eucalyptus globulus* leaves on soil organisms involved in leaf degradation. *Plos One* 8.
- Merino, A., Balboa, M.A., Soalleiro, R.R. & González, J.G.A. (2005). Nutrient exports under different harvesting regimes in fast-growing forest plantations in southern Europe. *Forest Ecology and Management* 207, 325-339.
- Merino, A., López, A.R., Brañas, J. & Rodríguez-Soalleiro, R. (2003). Nutrition and growth in newly established plantations of *Eucalyptus globulus* in northwestern Spain. *Annals of Forest Science* 60, 509-517.
- Molina, A., Reigosa, M.J. & Carballeira, A. (1991). Release of allelochemical agents from litter, throughfall, and topsoil in plantations of *Eucalyptus globulus* Labill in Spain. *Journal of Chemical Ecology* 17, 147-160.
- Molinero, J. & Pozo, J. (2004). Impact of a eucalyptus (*Eucalyptus globulus* Labill.) plantation on the nutrient content and dynamics of coarse particulate organic matter (CPOM) in a small stream. *Hydrobiologia* 528, 143-165.
- Núñez-Regueira, L., Rodríguez-Añón, J.A., Proupin-Castiñeiras, J. & Núñez-Fernández, O. (2006). Microcalorimetric study of changes in the microbial activity in a humic Cambisol after reforestation with eucalyptus in Galicia (NW Spain). *Soil Biology & Biochemistry* 38, 115-124.
- Oliveira, J.M., Fernandes, F. & Ferreira, M.T. (2016). Effects of forest management on physical habitats and fish assemblages in Iberian eucalypt streams. *Forest Ecology and Management* 363, 1-10.
- Pina, J.P. (1989). Breeding bird assemblages in *Eucalyptus* plantations in Portugal. *Annales Zoologici Fennici* 26, 287-290.
- Puig, C.G., Reigosa, M.J., Valentão, P., Andrade, P.B. & Pedrol, N. (2018). Unravelling the bioherbicide potential of *Eucalyptus globulus* Labill: Biochemistry and effects of its aqueous extract. *PLoS ONE* 13.
- Reigosa, M.S., González, L., Souto, X.C. & Pastoriza, J.E. (2000). Allelopathy in forest ecosystems, In: Narwal, S.S., Hoagland, R.E., Dilday, R.H. & Reigosa, M.J. (Eds.), *Allelopathy in Ecological Agriculture and Forestry*, pp. 183-193.
- Ribeiro, C., Madeira, M. & Araujo, M.C. (2002). Decomposition and nutrient release from leaf litter of *Eucalyptus globulus* grown under different water and nutrient regimes. *Forest Ecology and Management* 171, 31-41.
- Rodríguez Suárez, J.A., Díaz-Fierros, F., Pérez, R. & Soto, B. (2014). Assessing the influence of afforestation with *Eucalyptus globulus* on hydrological response from a small catchment in northwestern Spain using the HBV hydrological model. *Hydrological Processes* 28, 5561-5572.
- Rodríguez-Suárez, J.A., Soto, B., Pérez, R. & Díaz-Fierros, F. (2011). Influence of *Eucalyptus globulus* plantation growth on water table levels and low flows in a small catchment. *Journal of Hydrology* 396, 321-326.
- Rosa García, R., Somoano, A., Moreno, A., Burckhardt, D., de Queiroz, D.L. & Minarro, M. (2014). The occurrence and abundance of two alien eucalypt psyllids in apple orchards. *Pest Management Science* 70, 1676-1683.
- Silva, J.S., dos Santos, P., Serio, A. & Gomes, F. (2016). Effects of heat on dehiscence and germination in *Eucalyptus globulus* Labill. *International Journal of Wildland Fire* 25, 478-483.
- Sousa, J.P. & da Gama, M.M. (1994). Rupture in a Collembola community structure from a *Quercus*





*rotundifolia* Lam forest due to the reforestation with *Eucalyptus globulus* Labill. European Journal of Soil Biology 30, 71-78.

- Sousa, J.P., da Gama, M.M., Ferreira, C. & Barrocas, H. (2000). Effect of eucalyptus plantations on Collembola communities in Portugal: a review. Belgian Journal of Entomology 2, 187-201.
- Teixeira, D., Carrilho, M., Mexia, T., Köbel, M., Santos, M.J., Santos-Reis, M. & Rosalino, L.M. (2017). Management of *Eucalyptus* plantations influences small mammal density: Evidence from Southern Europe. Forest Ecology and Management 385, 25-34.
- Vences, M. (1993). Habitat choice of the salamander *Chioglossa lusitanica*: the effects of eucalypt plantations. Amphibia-Reptilia 14, 201-212.
- Viera, M., Ruiz Fernández, F. & Rodríguez-Soalleiro, R. (2016). Nutritional prescriptions for *Eucalyptus* plantations: lessons learned from Spain. Forests 7, 84.
- Zahn, A., Rainho, A., Rodrigues, L. & Palmeirim, J.M. (2009). Low macro-arthropod abundance in exotic eucalyptus plantations in the Mediterranean. Applied Ecology and Environmental Research 7, 297-301.